



MEMORIA

**CAMPUS CAMP
VIGO 2016**

ÍNDICE

1.- DEFINICIÓN	PÁX. 3
2.- ESPAZOS	PÁX. 3
3.- OBXECTIVOS	PÁX. 3
4.- CALENDARIO	PÁX. 4
5.- ACTIVIDADES	PÁX. 5
6.- CRONOGRAMA	PÁX. 6
7.- MEMORIA DIARIA DE ACTIVIDADES	PÁX. 8
8.- PARTICIPACIÓN	PÁX. 24

1.- DEFINICIÓN

Campus Camp 2016 é un proxecto lúdico-educativo que se levou a cabo nas instalacións do Servizo de Deportes da Universidade de Vigo durante oito semanas comprendidas entre os meses de Xuño, Xullo e Setembro. Trátase dun campamento matinal para nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 13 anos, fillos/as dos membros da comunidade universitaria do Campus de Vigo.

Este campamento promoveuse dende o Servizo de Extensión Universitaria como unha ferramenta para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral do persoal traballador durante as semanas de vacacións escolares.

A programación de actividades do campamento xirou en torno a unha temática central denominada “*Viaxando polo mundo*”, que organizou os contidos das actividades semanais co obxectivo de cumprir unha misión concreta:

- Do 23 ao 30 de xuño: “Coñecendo China”
- Do 1 ao 8 de xullo: “Viaxamos a México”
- Do 11 ao 15 de xullo: “Rumbo a Exipto”
- Do 18 ao 22 de xullo: “Chegamos a Rusia”
- Do 25 ao 29 de xullo: “Estamos en Australia”.
- Do 1 ao 9 de setembro: “Antártida”

Co obxectivo de adecuar os contidos ás capacidades e características evolutivas dos/as menores, os/as participantes foron divididos/as en catro grupos de idade.

Grupo Exploradores: de 3 a 4 anos.

Grupo Arqueólogos: de 5 a 6 anos.

Grupo Investigadores: de 7 a 9 anos.

Grupo Ecoloxistas: de 10 a 13 anos.

2.- ESPAZOS

O campamento desenvolveuse principalmente nas instalacións do edificio de deportes (aulas de ioga e xadrez) e zona de ping-pong e as pistas do pavillón polideportivo.

Ademais destes dous espazos, utilizáronse outros como: as pistas exteriores de herba sintética, a piscina e a aula de informática, o parque anexo ás pistas de atletismo, e as pistas de tenis,

3.- OBXECTIVOS

- Facilitar ós/ás membros da comunidade universitaria do Campus e Vigo o coidado dos/as nenos/as en períodos vacacionais.
- Aproveitar as particularidades da ubicación dos campus para realizar actividades ao aire libre.
- Facilitar ós/ás nenos/as alternativas de ocio que posibiliten a convivencia e o desenvolvemento das relacións interpersoais a través de accións formativas e actividades lúdicas.
- Fomentar o desenvolvemento de afeccións, habilidades e potencialidades das

nenas e nenos a través do xogo e de acción formativas

- Favorecer a cohesión grupal mediante a colaboración e o traballo cooperativo.
- Crear un ambiente de distensión provocando a risa e a diversión.
- Promover a igualdade de xénero, a multiculturalidade e a integración dos/das participantes con algunha discapacidade.

4.- CALENDARIO

XUÑO

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

SETEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

HORARIO:

Xuño e setembro: 8.00h a 15.15h

Xullo: 8.30h a 15.00h

5.- ACTIVIDADES

Exploradores	Arqueólogos
<ul style="list-style-type: none"> • Contacontos • Inglés • Xogos predeportivos • Manualidades • Teatro • Aquaxogos • Baile e música • Piscinita • Festa • Búsquedas do tesouro • Gymcanas • Taller de disfraces • Cine • Baloncesto • Futbito • Xogos polo mundo • Mural • Grandes xogos • Xogos musicais 	<ul style="list-style-type: none"> • Contacontos • Inglés • Xogos deportivos • Tenis • Manualidades • Teatro • Aquaxogos • Baile e música • Piscinita • Festa • Búsqueda do tesouro • Gymcanas • Taller de disfraces • Cine • Baloncesto • Futbito • Xogos polo mundo • Mural • Grandes xogos • Xogos musicais
Investigadores	Ecoloxistas
<ul style="list-style-type: none"> • Tenis • Inglés • Teatro • Manualidades • Piscina • Baile e música • Informática • Futbito • Aquaxogos • Festa • Xogos polo mundo • Mural • Cine • Baloncesto • Aquaxogos • Gymcanas • Xogos deportivos • Xogos musicais • Taller de disfraces • Festa • Grandes xogos 	<ul style="list-style-type: none"> • Tenis • Inglés • Teatro • Manualidades • Piscina • Baile e música • Informática • Futbito • Aquaxogos • Festa • Xogos polo mundo • Mural • Cine • Baloncesto • Aquaxogos • Gymcanas • Xogos deportivos • Xogos musicais • Taller de disfraces • Festa • Grandes xogos

6.- CRONOGRAMAS

OS EXPLORADORES (3 e 4 anos)

Hora/ Día		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Xuño- Set.	Xullo					
8:00- 9:00	8:30- 9:30	Actividades de acollida				
9:00-10:00	9:30-10:30	Introdución á temática contacontos	Baloncesto	Futbito	Manualidades	Taller Disfraces
10:00-11:00	10:30-11:30	Xogos polo mundo	Preparación Actuación	Gyncana	Xogos deportivos	Prep. festa
11:00-11:45	11:30-12:00	Descanso e Merenda				
11:45-13:00	12:00-13:00	Piscinita	Inglés	Búsqueda do tesoro	Preparación actuación	Festa
13:00-14:15	13:00-14:00	Mural	Xogos musicais	Cine	Aquaxogos	Festa
14:15-15:15	14:00-15:00	Actividades de relaxación e despedida				

OS ARQUEÓLOGOS (5 e 6 anos)

Hora/ Día		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Xuño- Set.	Xullo					
8:00- 9:00	8:30- 9:30	Actividades de acollida				
9:00-10:00	9:30-10:30- +++++	Introdución á temática Contacontos	Baloncesto	Futbito	Manualidades	Taller Disfraces
10:00-11:00	10:30-11:30	Xogos mundo	Preparación actuación	Inglés	Ten is	Prep. Festa
11:00-11:45	11:30-12:00	Descanso e Merenda				
11:45-13:00	12:00-13:00	Búsqueda do tesoro	Piscinita	Gyncana	Preparación actuación	Festa
13:00-14:15	13:00-14:00	Mural	Xogos musicais	Cine	Aquaxogos	Festa
14:15-15:15	14:00-15:00	Actividades de relaxación e despedida				

OS INVESTIGADORES (7, 8 e 9 anos)

Hora/ Día		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Xuño- Set.	Xullo					
8:00- 9:00	8:30- 9:30	Actividades de acollida				
9:00-10:00	9:30-10:30	Introdución á temática Xogos polo mundo	Manualidades	Informática	Futbito	Taller Disfraces
10:00-11:00	10:30-11:30	Mural	Baloncesto	Gyncana	Xogos musicais	Prep. Festa
11:00-11:45	11:30-12:00	Descanso e Merenda				
11:45-13:00	12:00-13:00	Piscina	Aquaxogos	Tenis	Inglés	Festa
13:00-14:15	13:00-14:00	Cine	Preparación Actuación	Xogos deportivos	Preparación Actuación	Festa
14:15-15:15	14:00-15:00	Actividades de relaxación e despedida				

OS ECOLOXISTAS (10,11 e 12 anos)

Hora/ Día		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Xuño- Set.	Xullo					
8:00- 9:00	8:30- 9:30	Actividades de acollida				
9:00-10:00	9:30-10:30	Introdución á temática Xogos polo mundo	Xogos deportivos	Manualidades	Informática	Taller Disfraces
10:00-11:00	10:30-11:30	Xogos Musicais	Inglés	Futbito	Gyncana	Prep. Festa
11:00-11:45	11:30-12:00	Descanso e Merenda				
11:45-13:00	12:00-13:00	Mural	Baloncesto	Aquaxogos	Tenis	Festa
13:00-14:15	13:00-14:00	Piscina	Cine	Preparación actuación	Preparación Actuación	Festa
14:15-15:15	14:00-15:00	Actividades de relaxación e despedida				

7.- MEMORIA DIARIA DE ACTIVIDADES

GRUPO DE 3 – 4 años

XUNO	
Día 23	Hoxe demos comezo á viaxe a China cunha gran variedade de xogos, amigos novos e moitas ganas. Despois de, mediante xogos, presentarnos e coñecer tanto ós monitores como a tódolos nenos e as normas do campamento, comezamos á viaxe a China cunha serie de xogos deportivos baseados na temática da semana e unha pequena parte da preparación da actuación.
Día 27	Comezamos a semana cun repaso das normas e presentación tanto do campamento como dos nenos para que os novos tamén estiveran o día. As dúas primeiras horas foron para facer un contacontos e para preparar en grupo a actuación desta semana organizando bailes, cancións.... Despois do recreo tivemos a hora de piscinita na que todos os nenos xogaron e se refrescaron cun baño e cuns xogos en grupo. Unha vez secos, utilizamos a última hora para pintar un mural de temática China.
Día 28	A primeira hora foi para xogar o baloncesto todos xuntos. Para descansar na hora seguinte fixemos dragóns chinos como obradoiro. Despois da merenda aprendemos inglés seguindo a liña de temática china e rematamos o día aprendendo un baile deste país.
Día 29	Hoxe comezamos cun pouco de fútbol para aprender a manexar o balón. A segunda hora fixemos unha serie de probas para ver se somos aptos para estar nesta viaxe a China (de axilidade, velocidade, vista, puntería...) Despois da merenda e o recreo fomos refrescarnos cos aquaxogos e rematamos o día cunha película, como non, relacionada con China: Kung Fu Panda
Día 30	Hoxe rematou a viaxe a China polo que tivemos a festa de despedida. As primeiras horas estivemos preparando as nosas disfraces e a decoración das instalacións. Despois do recreo pasamos xa a ensaiar a actuación preparada e a ver as actuacións dos compañeiros.

XULLO	
Día 1	Comezamos o mes cun montón de nenos novos polo que repetimos unha breve presentación recordando as normas e o que íamos facer no Campus Camp. Xa por grupos fixemos moitos xogos en equipo para coñecernos mellor os que xa estábamos e coñecer ós nenos e nenas que acababan de chegar. Despois do recreo e a merenda fixemos unha especie de misión imposible conxunta divididos por grupos, cada grupo tiña a cara pintada dunha cor para diferenciarnos, na que íamos facendo as probas de cada monitor intentando conseguir as máximas posibles.
Día 4	Comezamos a semana cunha presentación do país que toca: México. Falamos un pouco deste país e estivemos a ver vídeos sobre él para coñecer máis a fondo o que imos facer. Despois dalgúns xogos do mundo tivemos o recreo para merendar. Seguimos a mañá con piscinita e xogos na auga. Unha vez secos estivemos a pintar a mural con temática mexicana. Hoxe tivemos dos nenas de cumpreanos, polo que tivemos un tempo para cantar, xogar cunha piñata e comer un anaquiño de torta.
Día 5	O martes comezaron coa actividade de baloncesto. A continuación tivemos a preparación da actuación, que constiu nun baile cunha canción do grupo

	<p><i>Efecto pasillo.</i></p> <p>O rematar o recreo tiveron a clase de Inglés, e terminaron a mañá cunha hora de xogos musicais identificando cancións de diferentes países.</p>
Día 6	<p>Os mércores comezamos a mañá cunha hora de futbito. Despois de xogar a este deporte pasamos a realizar unha búsqueda do tesouro dun pirata mexicano co que conseguimos un globo para cada un.</p> <p>Rematamos o recreo e realizamos a gynkana con catro xogos en equipo. Acabamos o día vendo unha película ambientada no día dos mortos de México.</p>
Día 7	<p>Hoxe comezamos o día cun obradoiro. Xa que é a semana de México fixemos unhas máscaras cheas de cor coma as típicas mexicanas. Ó rematar a nosa actividade recollemos todos xuntos, fixemos xogos deportivos e merendamos no recreo. Unha vez que rematamos a merenda fixemos os aquaxogos e rematamos empapados e cun chapuzón na piscineta. Xa secos, viñemos a clase para preparar a actuación e facer algúns bailes todos xuntos.</p>
Día 8	<p>Hoxe foi día de festa. Ó comezo da mañá estivemos preparando os nosos disfraces de mexicanos, decorando os ponchos e preparando a actuación. Despois do recreo pasamos a preparar a maquillaxe do día e unha vez pintados todos e listos para a festa fomos co resto de grupos a celebrar a festa mexicana con actuacións.</p>
Día 11	<p>Comezamos a viaxe a Exipto cuns vídeos de debuxos sobre o tema para saber un pouco máis sobre o tema. Despois da presentación da semana fomos ó recreo a merendar. Debido ó mal tempo non fixemos hoxe a hora de piscineta e fixemos todos os nenos de infantil a búsqueda do tesouro na que tiñamos que conseguir liberar ó faraón para poder facer a festa o venres. A última hora pintamos unha mural todos xuntos.</p>
Día 12	<p>A primeira hora os nenos e nenas foron a Baloncesto. Continuamos a mañá preparando a festa do venres, nesta hora fixeron as manualidades que van a vender no bazar do venres. Despois do recreo fixemos unha clase de inglés e por último bailamos con varios xogos musicais.</p>
Día 13	<p>Hoxe comezamos o día entrenando un pouco en futbito. A segunda hora fixemos unhas olimpíadas nas que todos conseguimos unha medalla. Despois do recreo fixemos ó aire libre os xogos polo mundo. E rematamos a mañá vendo a peli de Asterix e Cleopatra</p>
Día 14	<p>A hora de manualidades de hoxe a utilizamos para facer cousas para vender no bazar da festa do venres. Despois de recoller todo o que utilizamos e ordenar todo, fixemos un brilé na hora de xogos deportivos. Despois do recreo tivemos aquaxogos e piscina xa que chegou o bo tempo.</p>
Día 15	<p>Hoxe tivemos a festa de Exipto e o gran bazar. A primeira hora estivemos facendo as avaliacións da primeira quincena de Xullo por grupos. Despois baixamos a colocar os postos do bazar e despois da merenda xa fomos mercando e vendendo polo gran bazar turnando uns con outros para poder xogar todos de tódalas formas. Tras recoller todo o material tivemos tempo libre no que fixemos bailes e vimos algúns debuxos todos xuntos.</p>
Día 18	<p>Hoxe comezamos a viaxe a Rusia cun contacontos de historias deste país. A segunda hora fixemos os xogos polo mundo, na que todos xuntos xogamos a xoaniña. Despois do recreo os máis pequenos tivemos a hora de piscineta e, unha vez secos, fomos a pintar o mural en grupo.</p>
Día 19	<p>A primeira hora fomos a baloncesto. Seguimos o día preparando a actuación bailando tres cancións elixidas polos nenos. Despois do recreo tivemos inglés e xogamos utilizando a plastilina mentres aprendíamos algunhas palabras en inglés. Rematamos o día xogando con música e bailando pola clase.</p>

Día 20	Hoxe comezamos a mañá xogando en Futbito. A segunda hora tivemos a búsqueda do tesouro dun Zar. Despois do recreo fixemos unha gynkana un pouco diferente na que xogamos o pictionary: tódolos nenos tiñan que ir pintando e o resto tiñan que adiviñar qué estaba a facer. Rematamos o día cunha sesión de cine: Anastasia
Día 21	Hoxe fixemos a manualidade da semana: unha MAtrioska con plastilina para levarnos para casa. A segunda hora fixemos os xogos deportivos e despois do recreo tivemos os aquaxogos. A última hora a utilizamos para rematar a manualidade do día
Día 22	Esta semana os de infantil tivemos a nosa propia festa. As primeiras horas estivemos facendo uns debuxos da temática da semana e preparándonos para a festa pintando a cara do que máis nos gustara. Despois de merendar aproveitamos o bo tempo para xogar na piscina ou ver unha película os nenos que non querían mollarse.
Día 26	Esta semana comezou un Martes polo que despois de ir a baloncesto na segunda hora, seguimos a mañá cunha presentación da semana e do país que toca: Australia. Despois do recreo tivemos clase de inglés na que debuxamos un mural con tódolos animais de Australia que sabemos dicir en inglés. O día rematou con diversos xogos musicais
Día 27	Despois de comezar a mañá xogando en futbito fixemos unha gynkana de temática australiana ó aire libre. Unha vez rematado o tempo da merenda fixemos unha serie de xogos polo mundo nos que tivemos o papel de animais típicos de Australia: canguros, koalas... A última hora tivemos a hora de cine na que estivemos vendo Buscando a Nemo
Día 28	A xornada de hoxe abriuse coa hora de manualidades, na que estivemos a facer un caderno para que os demais compañeiros nos fixeran debuxos nel e podelos levar a casa. Todos fixemos debuxos para todos. Despois tivemos unha hora de xogos deportivos, no que realizamos diferentes actividades con balóns, cordas, etc. Logo da hora para almorzar tivemos aquaxogos, actividade que alongamos máis da conta pola alta temperatura e o ben que o estaban a pasar os rapaces. Cando volvemos á aula, rematamos os cadernos e fixemos xogo libre con música de fondo.
Día 29	Hoxe tivemos o último día de campamento (ata Setembro). As 9.30 xa estabamos todos listos e con a cara pintada para comezar a festa. Eliximos nome de grupo, himno, baile e saúdo para representar o noso equipo composto polos dous grupos de infantil. Tivemos a primeira parte da mañá para facer os xogos olímpicos todos os nenos. Despois do recreo rematamos a bandeira e nos reunimos por grupos para facer as avaliacións desta segunda quenda. Rematamos a mañá xuntándonos tódolos rapaces para facer recontos das puntuacións e despedirnos.

SETEMBRO

Día 1	Hoxe tivemos o encontro despois do verán polo que, os poucos rapaces que éramos hoxe, xuntámonos na acollida para falar do que fixemos nas vacacións. Ás 9:30 xuntámonos tódolos rapaces do Campus Camp para facer unha rápida presentación e lembrar as normas e o funcionamento do campamento. Fomos divididos por grupos e os peques fixemos varios xogos para lembrar os nomes de cada compañeiro e xogos grupais. Despois da hora da merenda e do recreo tivemos hora de cine. Unha vez rematada a película pasamos a xogar con plastilina.
Día 2	Hoxe fixemos unha actividade conxunta na que dividimos ós rapaces en tres grupos formados por rapaces de tódalas idades. A actividade realizada foi unha misión imposible na que cada grupo tiña varias follas con múltiples

	<p>probas para realizar/adiviñar, algunhas das probas era imposible ou practicamente imposible e tiñan que utilizar a súa imaxinación para poder conseguila, sempre traballando en equipo. Fixemos unha parada para o recreo e merendar, pero a actividade levoulles toda a mañá. Tras o reconto de puntuacións fixemos un partido de fútbol no que os maiores axudaban ós peques.</p>
Día 5	<p>Esta semana viaxamos á Antártida, polo que comezamos a semana vendo a película relacionada con esta viaxe. Despois da pausa da merenda e do recreo, os pequenos fixemos unha búsqueda do tesouro na que o obxectivo era reconstruír a Antártida e evitar o desxeo.</p>
Día 6	<p>Hoxe, Martes, comezamos o día cunha hora de baloncesto. A continuación fixemos o mural de decoración inspirado na temática desta semana. Despois de coller forzas na merenda, tivemos uns longos e intensos xogos de auga para refrescarnos un pouco nun día de moito calor.</p>
Día 7	<p>A primeira hora de hoxe tivemos fútbol. Seguimos o día con inglés, na clase de hoxe fixemos un debuxo no que aparecían as partes do corpo que tiñamos conxeadas pola nosa viaxe á Antártida. Despois do recreo fixemos a Gymkana e rematamos o día cun taller de relaxación en actividade musical.</p>
Día 8	<p>Comezamos o día facendo unha manualidade, hoxe tocaron collages, os rapaces fixeron un debuxo e o decoraron con diversos materiais. A segunda hora os nenos tiveron a hora de tenis. Despois do recreo tivemos tempo para preparar a actuación do último día e, a continuación, fixemos os xogos deportivos.</p>
Día 9	<p>Hoxe na acollida vimos a peli de Happy Feet mentres os nenos chegaban. Cando rematamos, todos xuntos (porque eramos moi poucos) fomos a xogar á Bomba e a Indios e Vaqueros. Despois fixemos a merenda cada un comeu o seu e tamén as cousas que puxemos os monitores. Cando rematamos houbo un pouco de tempo libre xogando a fútbol e debuxando, xogando ás cartas... Ao final fixemos a festa de despedida coas actuacións</p>

GRUPO de 5-6

XUÑO	
Día 23	<p>As 9 reunimos a tódolos nenos e nenas do campamento para realizar unha presentación do mesmo e dos monitores. Ó mesmo tempo presentamos as normas do campamento.</p> <p>Despois nos dividimos por grupos e realizamos xogos de presentación relacionados con China. Antes da merenda realizamos a actividade de xogos polo mundo (muralla china, dragón chino...)</p> <p>Despois de merendar iniciamos a preparación da actuación final e para finalizar a mañá realizamos xogos deportivos.</p>
Día 27	<p>Empezamos o día cunha actividade de contacontos. Relatamos un conto relacionado con China.</p> <p>A continuación seguimos preparando a actuación final da semana que consiste en bailar unha canción china.</p> <p>Despois da hora da merenda realizamos a búsqueda do tesouro polos arredores e gradas das instalacións. A actividade estivo ambientada en china (atopar a mochila de Dori perdida na súa viaxe a China).</p> <p>Para finalizar a mañá realizamos a actividade de mural, na que os nenos e nenas pintaron un mural chino.</p>

Día 28	O día empezou coa actividade de baloncesto. Despois fixeron manualidades relacionadas coa temática da semana facendo un dragón de papel. O rematar o descanso fomos a piscina pequena onde estivemos xogando tanto na piscina como coa manguera. Para terminar, fixemos os xogos musicais onde aprenderon unha coreografía e cantamos cancións.
Día 29	Empezamos o día coa actividade de fútbol, onde os nenos e nenas aprenderon a conducir o balón. Continuamos coa actividade de inglés, na cal aprendemos a dicir e escribir en inglés palabras relacionadas coa China. Despois de merendar, realizamos aquaxogos co obxectivo de refrescarnos. Rematamos o día co visionado da película Kung Fu Panda
Día 30	Empezamos o día coa preparación dos disfraces de chinos. Continuamos coa actividade de tenis, na que aprendimos as nocións básicas do deporte Despois de merendar comezamos coa preparación da festa final Rematamos o día coa realización da festa final: concurso de murais e as actuacións finais dos grupos

XULLO	
Día 1	Hoxe se incorporaron ó campamento novos nenos e nenas, polo que a primeira parte da mañá estivo adicada a xogos de presentación grupais para coñecernos todos ben. Despois tocou hora de merenda nas gradas todos xuntos, e ó rematar comezamos a xincana grupal. Fixemos 8 grupos, e cada un tivo que pasar 8 probas e conseguir a sinatura dos monitores. Cando rematamos, fixemos recuento de puntos e subimos á aula para facer xogos de despedida mentres os pais recollían ós nenos e nenas.
Día 4	Comezamos a xornada con xogos libres mentres ían chegando todos os nenos. A primeira actividade consistiu en presentar e coñecer o país ao que viaxamos esta semana, México. Estivemos a ver vídeos sobre as cousas máis típicas que atopamos nel. A segunda fixemos xogos polo mundo no exterior. Despois tivemos hora de merenda ao aire libre, e a continuación comezamos a busca do tesouro, que consistía en seguir diversas pistas para atopar un obxecto final. Por último, fixemos un mural todos xuntos con pinturas acrílicas, antes de ter as actividades de despedida do día.
Día 5	Comezamos o día con actividades libres mentres chegaban os nenos. Como primeira actividade tivemos baloncesto, seguida da preparación da actuación do venres, na que fixemos un baile coa canción “Pan y mantequilla” do grupo “Efecto pasillo”. Despois da merenda, fomos á piscina a bañarnos, e por último tivemos xogos musicais onde tratamos de adiviñar de qué país era cada canción que poñíamos.
Día 6	Comezamos con actividades de presentación e xogo libre. A primeira actividade programada foi a clase de fubito, a cal tiveron no pavillón co monitor pertinente. Despois tivemos hora de inglés, onde fixemos as nosas comidas favoritas con plastilina e debuxamos en folios os nosos animais preferidos, cos seus nomes en inglés. Logo da merenda, fixemos unha xincana con probas en equipos, e a última hora puxemos a película “El libro de la vida”.
Día 7	Hoxe comezamos o día con actividades grupais mentres chegaban todos os nenos e nenas do grupo, e cando estivemos todos comezamos a facer manualidades, pintando e recortando unha careta azteca, que logo pegamos nunha cartolina e suxeitamos a un pau para poder agarrala. A segunda hora tivemos tenis cos monitores, e despois a hora de merenda.

	Cando rematamos nos preparamos para ir aos xogos de auga, onde fixemos unha pita con esponxas e nos mollamos coa manguera e a pisciniña. Nos cambiamos e a última hora preparamos a actuación do venres, e bailamos “O baile do cadrado” e a canción “Chuchuwa”.
Día 8	Nesta xornada comezamos preparando os disfraces para a festa: ponchos mexicanos decorados con debuxos e cartolinas. Despois nos maquillamos a cara con debuxos de calaveiras do Día dos Mortos, e preparamos o baile para a actuación de despois da hora da merenda. Logo de almorzar, fixemos a actuación de cada grupo e nós bailamos a coreografía que tiñamos preparada. Por último, fixemos un concurso de murais e a actuación dos monitores.
Día 11	Comezamos o día coa presentación do país ao que imos viaxar esta semana: Exipto. Vimos algúns vídeos nos que aparecían as características máis importantes desta antiga civilización e cómo vivían os seus habitantes. A segunda actividade consistiu nun par de episodios de distintos debuxos que se ambientaban nesta civilización, sobre os cales lles fixemos algunhas preguntas despois aos nenos e nenas. Logo da merenda, comezamos a busca do tesouro, no que tiñamos que superar distintas probas para conseguir pistas e descifrar o nome do faraón que tiñamos que liberar, e por último, na derradeira actividade, fixemos un mural entre todos baseado na temática propia da semana.
Día 12	Hoxe como primeira actividade tivemos baloncesto no pavillón, onde fixemos varios xogos e seguimos practicando o da clase anterior. Logo tivemos a preparación da festa do venres, onde pintamos cadros e postais para podelas vender no bazar. Despois da merenda, fixemos unha pequena xincana onde realizamos unhas olimpíadas, e por último tivemos xogos musicais, onde xogamos ás cadeiras e ás estatuas.
Día 13	Na xornada de hoxe tivemos como primeira actividade futbito no pavillón co monitor da propia actividade, e cando rematamos fomos ao pavillón para dar a clase de inglés. Despois da hora de merendar, estivemos no campo de fútbol de herba sintética, onde fixemos varios xogos polo mundo, e por último subimos á aula para ver a película de Asterix e Obelix, ambientada en Exipto.
Día 14	Hoxe comezamos as actividades con manualidades, nas que continuamos facendo cousas para vender na festa do venres. A segunda hora tivemos tenis nas pistas cos monitores da actividade. Ao rematar, fomos todos xuntos a merendar e nos preparamos para os xogos de auga, actividade que tivemos as dúas últimas horas. Despois nos cambiamos e nos puxemos a facer xogos ata que os pais ían recollendo aos nenos.
Día 15	Rematamos hoxe a primeira quincena do mes de xullo, comezando con actividades grupais mentres chegaban todos os nenos. A primeira hora a empregamos en preparar todas as cousas para a festa que tocaba hoxe, e a segunda hora fomos baixando ao pavillón para comezar todos os preparativos. Fixemos un descanso para a merenda, e continuamos coas compras e as vendas do mercadillo, onde vendemos un montón de cadros, debuxos e figuriñas. Ao rematar, anunciamos os gañadores e subimos para ver vídeos para nenos mentres bailabamos as cancións.
Día 18	Na xornada de hoxe comezamos acollendo aos rapaces e rapazas novas, presentándollas ao resto deles. Como primeira actividade introducimos a temática do país no que estamos esta semana, Rusia, e lles puxemos algúns vídeos para que aprenderan cousas típicas do lugar. A segunda hora puxemos tres contos en vídeo de temática rusa, de debuxos animados. Logo de parar para merendar, cambiamos a hora de Busca do tesouro por xogos deportivos dentro da aula, pola excesivo calor do exterior. Como última actividade pintamos un mural todos xuntos.

Día 19	Comezamos o día con actividades grupais para acoller aos nenos e nenas. A primeira hora tivemos baloncesto no pavillón co monitor Julián, e a segunda voltamos á aula para comezar a preparar a actuación do venres. Fixemos un baile coas cancións La mayonesa, La macarena e a canción do conto Kolobok que vimos onte. Despois da pausa para merendar, tivemos inglés, xa que facía demasiado frío para ir a bañarnos como estaba programado. Fixemos varias figuriñas con plastilina e tivemos que chamalas polo seu nome en inglés. Por último, fixemos varios xogos musicais nos que había que expresarse mediante o ritmo da música.
Día 20	Hoxe comezamos con futbito no pavillón cos monitores deste deporte, e a segunda hora continuamos con unha busca do tesouro co grupo dos pequenos, xa que hoxe tampouco ía bo tempo e non nos puidemos bañar na pisciniña. Despois paramos media hora para almorzar fora, e ó volver á aula fixemos unha xincana de debuxos, na que tivemos que facer formas nun encerado e os demais as tiñan que adiviñar. Por último, tivemos sesión de cine, onde vimos a película Anastasia.
Día 21	A xornada de hoxe comezou con manualidades, e fixemos bonecas matrioskas rusas, recortando as figuras e recheándoas de plastilina. Logo de rematar, os nenos foron a clase de tenis nas pistas. Fixemos un descanso para almorzar e nos mudamos para ir a facer xogos de auga. Ó rematar, nos mudamos de novo e en clase rematamos a manualidade que comezamos á primeira hora.
Día 22	Esta semana os de infantil tivemos a nosa propia festa. As primeiras horas estivemos facendo uns debuxos da temática da semana e preparándonos para a festa pintando a cara do que máis nos gustara. Despois de merendar aproveitamos o bo tempo para xogar na piscina ou ver unha película os nenos que non querían mollarse.
Día 26	No día de hoxe comezamos as actividades coa derradeira clase de baloncesto do mes de xullo. A continuación, estivemos vendo vídeos na clase sobre Australia, nos que introducimos algúns debuxos animados con contidos sobre este país. Logo de parar para a merenda, nos mudamos para ir facer xogos de auga xuntándonos co grupo de 7 a 9 anos. Por último, volvemos para a clase e fixemos algúns xogos musicais, como "as estatuas".
Día 27	O día comezou cunha hora de futbito. A segunda hora fixemos a gynkana baseada na temática australiana, na que realizamos diversos xogos ó aire libre. Despois da hora da merenda tivemos a clase de inglés na que estivemos aprendendo os nomes dos animais de Australia e pintando un mural inspirado en Australia e nas personaxes de Buscando a Nemo. O día rematou cunha hora de cine na que estivemos a ver a película de Buscando a Nemo.
Día 28	A xornada de hoxe abriuse coa hora de manualidades, na que estivemos a facer un caderno para que os demais compañeiros nos fixeran debuxos nel e podelos levar a casa. Todos fixemos debuxos para todos. Despois tivemos unha hora de tenis, que se desenvolveu nas pistas cos monitores de dita actividade. Logo da hora para almorzar tivemos aquaxogos, actividade que alongamos máis da conta pola alta temperatura e o ben que o estaban a pasar os rapaces. Cando volvemos á aula, rematamos os cadernos e fixemos xogo libre con música de fondo.
Día 29	Hoxe tivemos o último día de campamento (ata Setembro). As 9.30 xa estabamos todos listos e con a cara pintada para comezar a festa. Eliximos nome de grupo, himno, baile e saúdo para representar o noso equipo composto polos dous grupos de infantil. Tivemos a primeira parte da mañá para facer os xogos olímpicos todos os nenos. Despois do recreo rematamos a bandeira e nos reunimos por grupos para facer as avaliacións

	desta segunda quenda. Rematamos a mañá xuntándonos tódolos rapaces para facer recontos das puntuacións e despedirnos.
--	---

SETEMBRO	
Día 1	Hoxe tivemos o encontro despois do verán polo que, os poucos rapaces que éramos hoxe, xuntámonos na acollida para falar do que fixemos nas vaacións. Ás 9:30 xuntámonos tódolos rapaces do Campus Camp para facer unha rápida presentación e lembrar as normas e o funcionamento do campamento. Fomos divididos por grupos e os peques fixemos varios xogos para lembrar os nomes de cada compañeiro e xogos grupais. Despois da hora da merenda e do recreo tivemos hora de cine. Unha vez rematada a película pasamos a xogar con plastilina
Día 2	Hoxe fixemos unha actividade conxunta na que dividimos ós rapaces en tres grupos formados por rapaces de tódalas idades. A actividade realizada foi unha misión imposible na que cada grupo tiña varias follas con múltiples probas para realizar/adiviñar, algunhas das probas era imposible ou practicamente imposible e tiñan que utilizar a súa imaxinación para poder conseguila, sempre traballando en equipo. Fixemos unha parada para o recreo e merendar, pero a actividade levoulles toda a mañá. Tras o reconto de puntuacións fixemos un partido de fútbol no que os maiores axudaban ós peques.
Día 5	Esta semana viaxamos á Antártida, polo que comezamos a semana vendo a película relacionada con esta viaxe. Despois da pausa da merenda e do recreo, os pequenos fixemos unha búsqueda do tesouro na que o obxectivo era reconstruír a Antártida e evitar o desxeo.
Día 6	Hoxe, Martes, comezamos o día cunha hora de baloncesto. A continuación fixemos o mural de decoración inspirado na temática desta semana. Despois de coller forzas na merenda, tivemos uns longos e intensos xogos de auga para refrescarnos un pouco nun día de moito calor.
